

5.2.2.- Entrimo

Non chegan a 6.000 os habitantes que residen nos concellos raianos de Lobios, Entrimo e Muíños, que son tamén os tres concellos polos que se espalla o parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés con esas preto de 21.000 hectáreas que semellan facer unha cuña no territorio portugués para se abrazar co parque nacional portugués de Peneda-Gerês.

Os tres concellos tentan resistir como poden a forza centrípeta que exercen no sur de Ourense os entroidos de máis sona. En especial neste caso, por proximidade, o de Xinzo de Limia.

O concello de Entrimo faino, entre outras cousas, potenciando a figura dos madamitos ou xigantes e as damas ou madamitas. Forman elegantes parellas nas que as mulleres visten camisa e enaguas de cor branca con moitos encaixes. Levan un pano a xeito de mantilla e un sombreiro de palla adobiado con fitas multicolores. Tapan a cara cunha carauta e un velo que colga do sombreiro.

Os madamitos tamén visten roupa branca, gravata, faixa e capa curta. Tapan a cara cunha carauta de longos e finos mostachos e cobren a cabeza cun alto sombreiro cónico con penacho. Noutro levaban pantalóns de mulleres ata os xeonllos con bordados. Lembraban un pouco, segundo Vicente Risco, os cigarróns. As parellas ían "nun carro moi adornado, tirado por bois ou burros, cun gaitero untado de negro e de vermello tocando a muiñeira".

Os madamitos e as damas/madamitas pódense prezar de ser recuperados en 2003 con exactitude. En boa medida grazas ao privilexio de seren das poucas máscaras galegas que aparecen, non só citadas nos

estudos de Risco, senón tamén debuxadas. Os organizadores entrimeños unificaron as distintas versións de vestiario que lucían os/as madamitos/as das parroquias do concello. Porque os da Illa, por exemplo, ían a cabalo, levaban unha capa de puntilla, o sombreiro non era cónico e seica repartían moitos paus. Chamábanlles cabaleiros.

Hoxe en día as máscaras tradicionais de Entrimo (oito ou dez parellas de mozos e outras tantas de nenos) saen acompañadas de cabezudos, faranduleiros ou farandulleiros e grupos musicais, sobre todo no desfile que se celebra o Domingo de Entroido pola tarde. Madamitos e madamitas ridiculizan os señoritos da cidade. Levan varas e méntense coa xente. Os farandulleiros, máscaras que van de calquera xeito, eran antano máscaras zalapastranas que, entre outras cousas, lles botaban ás máscaras bonitas excrementos de ovelas.

Os madamitos e madamitas pertencen a unha ampla familia de máscaras con características semellantes. Habíaas noutros concellos veciños como Os Blancos, Baltar ou Calvos de Randín, pero tamén en Nogueira de Ramuín, Toén, Xunqueira de Espadanedo, Cotobade (Pontevedra), Riofrío de Aliste (Zamora), nas comparsas cántabras chamadas *vinajeras*, en Bielsa Huesca) ou en moitas vilas portuguesas.



As madamas son disfraces elegantes, sen intención satírica